



1.º BORRADOR DE BASES II CLUB DE DEBATE. COMARCA VIGO

Certame de debate

O certame é unha iniciativa promovida polo departamento de Normalización Lingüística de concello de Vigo¹ en colaboración cos equipos de dinamización lingüística dos centros de ensino secundario. A actividade ten como obxectivos potenciar a fluidez comunicativa ligada á oratoria, promover o pensamento crítico e analítico, fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia e o traballo en equipo e impulsar o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.

Quen pode participar?

No certame poderán participar todos os centros de educación secundaria, bacharelato e ciclos dos concellos de Vigo e comarca con alumnado de 3.º e 4.º de ESO, 1.º de Bacharelato ou dun curso equivalente de ciclos formativos, nunca maiores de 18 anos. Deberán comunicarlles ao correspondente SNL a intención de participar.


En que consiste o debate?

O debate consistirá na confrontación de argumentos entre dous equipos que defenderán dúas posicións enfrontadas, sobre os temas obxecto de discusión. Os temas propoñados a organización. A elección do tema e a decisión de defender unha postura ou outra decidiranse nun sorteo previo. Os debates celebraranse na data que fixe a organización, serán abertos ao público e estarán coordinados por un/unha xuíz/a, que ademais de moderar terá a función de dirimir as cuestións de orde que poidan xurdir.

Composición dos equipos

Os equipos estarán formados por un mínimo de 4 alumnos/as e un máximo de 10, xunto cun/unha preparador/a. En cada debate, dúas persoas dedicaranse á investigación e outras dúas serán as encargadas de defender os argumentos (oradoras). Estas funcións (investigador/a, orador/a) poderanse intercambiar dun debate para outro.

1 Orientativo pois falta confirmación dos centros de ensino



O/a preparador/a será un profesor ou profesora do centro, encargarse do adestramento e do asesoramento do grupo e exercerá como representante deste ante a organización. Algunhas das tarefas que deberá asumir serán: orientar o seu equipo na preparación dos debates, coordinar o traballo de todos os membros e definir a estratexia que se vai adoptar durante o debate.

Deberán promoverse equipos mixtos.

Estrutura do debate

Exposición inicial (posición A)	4 minutos
Exposición inicial (posición B)	4 minutos
Primeira quenda de refutación (A)	5 minutos
Primeira quenda de refutación (B)	5 minutos
Segunda quenda de refutación (A)	4 minutos
Segunda quenda de refutación (B)	4 minutos
Conclusións (B)	3 minutos
Conclusións (A)	3 minutos
DURACIÓN TOTAL:	36 minutos

Poden inscribirse máis de 1 equipo por centro de ensino

Idioma

O idioma durante os debates será o galego, e a calidade lingüística será un dos elementos de especial relevancia para o xurado.

Xurado

Os membros do/s xurado/s serán designados pola organización e as súas decisión serán inapelables.



Xornada de Formación

Antes do remate do primeiro trimestre haberá unha xornada de formación para o alumnado integrantes dos equipos.

Fases do certame

. O certame de debate constará de tres fases: fase local, fase comarcal, fase final

A. FASE LOCAL

Trátase dunha fase previa á comarcal. Organizaraa cada un dos concellos seguindo o regulamento xeral da fase comarcal, co obxectivo de que saian dous equipos gañadores para participar na fase comarcal.

Na fase previa os equipos debaterán cando menos dúas veces.

O máximo número de equipos para esta fase será de 12 equipos.

Desenvolverase entre os meses de xaneiro e febreiro.

B. FASE COMARCAL.

B.1. Datas

Esta fase irá rotando e cada ano celebrarase nun dos concellos participantes. Desenvolverase antes do 7 de abril.

B.2. Equipos participantes e sistema de competición

Nesta fase poderán participar un máximo de 8 equipos. O sistema de competición regularase en función do número de equipos participantes e poderá realizarse por emparellamentos eliminatorios directos ou mediante un sistema de puntuación entre os equipos que se enfronten nun mesmo grupo. Os emparellamentos ou grupos e a decisión de intervir, inicialmente, defendendo unha ou outra posición do tema proposto decidiranse por sorteo. Nesta fase clasificaranse dous equipos para pasar á final.



Na fase previa todos os grupos debaterán, cando menos, dúas veces, e unha a favor e outra en contra do tema proposto.

B.3. Temas

Os temas obxecto de debate serán seleccionados pola organización e incluíranse no regulamento da competición.

B.4. Premios

O equipo gañador recibirá un premio valorado en 500 euros e o finalista en 300 euros.

De non haber fase local e comarcal, só se fará unha única fase entre os meses de xaneiro-abril.

C. FASE FINAL

C.1. Localización e datas de celebración

Esta fase galega realizarase en Santiago de Compostela **o sábado 4 de maio**, nunha xornada de mañá e tarde. Haberá xantar para o alumando que chegue a esta fase final.

Na fase final participarán, como máximo, dous equipos por cada comarca participante. O sistema de competición regularase en función dos equipos participantes e poderá realizarse por emparellamentos eliminatorios directos ou mediante un sistema de puntuación entre os equipos que se enfronten nun mesmo grupo. Os emparellamentos ou grupos e a decisión de intervir nunha ou noutra posición do tema proposto decidíranse por sorteo.

C.3. Temas

Os temas obxecto de debate serán seleccionados pola organización e incluíranse no regulamento da competición.

C.4. Premios

O premio para o equipo gañador será unha viaxe de contido cultural para un máximo de 25 persoas na fin de semana do 22 e 23 de xuño de 2013.

